

*...Dinlle o patrón a frol do meu esforzo e a miña mocidade. Nada teño.
O patrón está rico á miña conta, eu, á súa, estou vello...*

Celso Emilio Ferreiro

REFORMA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS

Introdución.-

Como puidestes comprobar, os Responsables da Reforma das Pensións (**Goberno, Centrais Estatais e CEOE**) o pasado día 28, en Madrid, acordaron modificar os criterios básicos das pensións públicas as que temos dereito os traballadores/as. Despois de reiterarnos que nunca aceptarían o alongar a idade de xubilación os 67 anos, non so modificaron este parámetro senón que tamen a Base de Cálculo foi ampliada a 25 anos e a 38'5 os de Cotización.

Por parte da **C.I.G.**, tal e como xa vos manifestamos nas asembleas celebradas no Centro de traballo, non podíamos permitir que, os causantes desta crise, os especuladores do capital financeiro, ademais de lograr do Goberno precarizar o emprego coa Reforma Laboral, se lles abra a caixa das nosas pensións.

A **C.I.G.**, sendo conscientes das modificacións que se estaban a prantexar, nun tema onde Galiza ten as pensións máis baixas, entendíamos necesario a convocatoria de Folga Xeral do día 27 de Xaneiro. Mobilizacións que contaron co apoio de milleiros de persoas que compartiron o seu malestar seguindo o lema **EN DEFENSA DAS PENSÍONS E DO EMPREGO**. Agradecer pois, a participación de tódolos compañeiros e compañeiras que ese día decidiron participar nesta máis que xustificada Folga Xeral.



Manifestación da C.I.G. ó 27 de Xaneiro de 2011

Texto do Acordo.- Apesares de estar pendente da aprobación polo Parlamento, estas foron as modificacións, nos criterios básicos das pensións dos traballadores/as, que acordaron o pasado 28.

Dereito legal á Xubilación

O Dereito legal á Xubilación se sitúa con carácter xeneral nun intervalo entre 63 e 67 anos, articulado da seguinte forma:

Xubilación Ordinaria

Se incorpora o conceto de carreira laboral completa ante a Seguridade Social para os traballadores/as que cotizasen 38 anos e seis meses.

A idade de Xubilación dos traballadores/as que acumulen a carreira laboral completa (38 anos e 6 meses cotizados) será a partir dos 65 anos. Para o resto a idade de Xubilación fíxase en 67 anos.

O paso de 65 a 67 anos aplicarase progresivamente no período comprendido entre 2013 e 2027, cun ritmo dun mes por ano deica 2018 e de dous meses por ano dende 2019 a 2027.

Taboa I .- Aplicación de elevación da idade de xubilación

IDADE DE XUBILACIÓN EN FUNCIÓN DOS PERÍODOS DE COTIZACIÓN ACREDITADOS

	<i>Menos de 38 anos e 6 meses cotizados</i>	<i>38 anos e 6 meses cotizados ou máis</i>
Durante o ano 2013	65 anos e 1 mes	65 anos
Durante o ano 2014	65 anos e 2 meses	65 anos
Durante o ano 2015	65 anos e 3 meses	65 anos
Durante o ano 2016	65 anos e 4 meses	65 anos
Durante o ano 2017	65 anos e 5 meses	65 anos
Durante o ano 2018	65 anos e 6 meses	65 anos
Durante o ano 2019	65 anos e 8 meses	65 anos
Durante o ano 2020	65 anos e 10 meses	65 anos
Durante o ano 2021	66 anos	65 anos
Durante o ano 2022	66 anos e 2 meses	65 anos
Durante o ano 2023	66 anos e 4 meses	65 anos
Durante o ano 2024	66 anos e 6 meses	65 anos
Durante o ano 2025	66 anos e 8 meses	65 anos
Durante o ano 2026	66 anos e 10 meses	65 anos
A partires do 2027	67 anos	65 anos

A cotización de 35 anos a 38 e seis meses para acceder á Xubilación ós 65 anos produciráse nun período transitorio iniciado en 2013 e finalizado en 2027, cunha cadencia de tres meses cada ano.

Taboa II .- Réxime transitorio de incremento de 35 a 38 e 6 meses na xubilación ós 65 anos

	Período cotizado		Período cotizado
Durante o ano 2013	35 anos e 3 meses	Durante o ano 2020	37 anos
Durante o ano 2014	35 anos e 6 meses	Durante o ano 2021	37 anos e 3 meses
Durante o ano 2015	35 anos e 9 meses	Durante o ano 2022	37 anos e 6 meses
Durante o ano 2016	36 anos	Durante o ano 2023	37 anos e 9 meses
Durante o ano 2017	36 anos e 3 meses	Durante o ano 2024	38 anos
Durante o ano 2018	36 anos e 6 meses	Durante o ano 2025	38 anos e 3 meses
Durante o ano 2019	36 anos e 9 meses	A partir do ano 2026	38 anos e 6 meses

Xubilación Anticipada

Criterio Xeneral

Os traballadores/as poderán xubilarse de forma voluntaria a partir dos 63 anos cun mínimo de 33 anos de cotización. O coeficiente redutor anual será do 7'5% por ano de anticipo sobre a idade ordinaria da Xubilación en cada caso.

O acceso anticipado á Xubilación mediante este mecanismo non poderá xerar complemento por

mínimos da pensión obtida, salvo a Xubilación Anticipada en situacións de crise que se describe a continuación.

En situacións de crise

En situación de crise, a idade mínima poderá ser reducida deica os 61 anos de idade do traballador/a con 33 anos cotizados e un coeficiente reductor do 7'5% que non poderá ser inferior ó 33%, nin superior o 42% da Base Reguladora.

Táboa III .- Coeficientes reductores de Xubilación Anticipada en situación de crise (situación en 2027 tras aplicación de réxime transitorio)

Idade	61 anos	62 anos	63 anos	64 anos	65 anos	66 anos
Menos de 38 anos e 6 meses cotizados	-42%	-37'5%	-30%	-22'5%	-15%	-7'5%
Máis de 38 anos e 6 meses cotizados	-33%	-22'5%	-15%	-7'5%	0	0

Xubilación Parcial

Mantense a situación actual da Xubilación Parcial ós 61 anos. A cotización será íntegra tanto para relevista como para relevado.

A elevación da cotización respecto a situación actual, realizarase progresivamente nun período de 15 anos dende a entrada en vigor desta Reforma.

Xubilación Especial ós 64 anos

A actual Xubilación ós 64 anos desaparece no momento da aplicación da nova norma.

Período de consumo

O período de cálculo da Base Reguladora da pensión pasará de 15 a 25 anos. A elevación realizarase progresivamente a razón de 1 ano dende o 2013 a 2022.

Taboa IV .- Elevación do período de cómputo (Cálculo da base reguladora)

Referencia Temporal	Tempo Computado	Referencia Temporal	Tempo Computado
Durante o ano 2013	192 meses (16 anos)	Durante o ano 2018	252 meses (21 anos)
Durante o ano 2014	204 meses (17 anos)	Durante o ano 2019	264 meses (22 anos)
Durante o ano 2015	216 meses (18 anos)	Durante o ano 2020	276 meses (23 anos)
Durante o ano 2016	228 meses (19 anos)	Durante o ano 2021	288 meses (24 anos)
Durante o ano 2017	240 meses (20 anos)	A partir do ano 2022	300 meses (25 anos)

Os traballadores/as despedidos poderán aplicarse períodos de cómputo máis amplos para evitar perxuízos pola redución das bases de cotización ao final da súa vida laboral.

En caso de existir lagoas de cotización serán completadas sempre de acordo a fórmula seguinte:

.-As correspondentes ós primeiros 24 meses coa Base mínima de cotización e as que excedan de 24 meses co 50% da mesma.

.-Adicionalmente, a Seguridade Social arbitrará fórmulas que recoñezan os períodos cotizados dos 24 meses anteriores o cómputo para o recheo das lagoas de cotización, nos termos e coas condicións que regulamentariamente se determinen.

Escala de cálculo para acceder ó 100% da base reguladora da pensión

Modifícase a escala da pensión cos seguintes parámetros:

.- A escala evolucionará dende o 50% da Base Reguladora ós 15 anos ata o 100% da Base Reguladora ós 37 anos cunha estrutura totalmente regular e proporcional.

.- O paso da escala actual á nova producirase nun período delimitado entre 2013 e 2027.

Taboa V. - Aplicación da escala de cálculo para acceder o 100% da base reguladora da pensión

Referencia temporal	Escala de cálculo	%
Durante os anos 2013 a 2019	Por cada mes adicional de cotización entre os meses 1 e 163	0'21 %
	Polos 83 meses seguintes	0'19 %
Durante os anos 2020 a 2022	Por cada mes adicional de cotización entre os meses 1 e 106	0'21 %
	Polos 146 meses seguintes	0'19 %
Durante os anos 2023 e 2026	Por cada mes adicional de cotización entre os meses 1 e 49	0'21 %
	Polos 209 meses seguintes	0'19 %
A partir do 1 de Xaneiro de 2027	Por cada mes adicional de cotización comprendidos entre os meses 1 e 248	0'19 %
	Os que rebasen o mes 248	0'18 %

Mulleres

As mulleres que interromperán a súa vida laboral por nacemento ou adopción poderán adiantar antes dos 67 anos de idade a xubilación en 9 meses por cada fillo/a, cun máximo de 2 anos, sempre que con ese período adicional dispoñan dunha carreira de cotización suficiente para Xubilación plena entre os 65 e os 67 anos.

Amplíase a tres anos o período cotizado por excedencia para coidado de fillos.

Factor de sostenibilidade

Co obxectivo de manter a proporcionalidade entre as contribucións, o sistema e as prestacións esperadas do mesmo e garantir a súa sostenibilidade a partir do 2027 os parámetros fundamentais do sistema revisaranse polas diferenzas entre a evolución da esperanza de vida ós 67 anos da poboación no ano en que se efectúe a revisión e a esperanza de vida dos 67 anos no 2027. Ditas revisións efectuaránse cada cinco anos utilizando a este fin as previsións realizadas polos organismo oficiais.

Comentario.-

Dende a Sección Sindical da C.I.G., mirando o impacto negativo desta reforma nas nosas pensións, no vindeiro boletín, expoñeremos exemplos prácticos de cada un dos casos que se poidan dar.



O teu dereito: Organizarte



A nosa obriga: Informarte

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA